

LUMA GÓMEZ

TAREIXA NAVAZA



Luma Gómez nace en Ferrol baixo a influencia do Touro.

Está casada co director teatral Eduardo Alonso e ten unha filla, Eva, de nove anos.

Confesa non ter habilidade manual nin predilección polo exercicio físico. Gustalle o cine, a música, ler, saír... e por riba de todo o TEATRO,

do que se pode —dí— vivir con dificultades, facendo malabarismos. Luma traballa no País na recuperación do tempo perdido nunha boa época para a creatividade.

Luma rebelde. Luma humana. Luma impulsiva. Luma tenra e emotiva. Luma, a nosa MEDEA.

e ali traballamos co grupo independente "Pequeno Zoo". Foi unha etapa difícil, pero con moito ambiente, o que dá a ilusión de estar traballando pola cultura, por un tempo mellor. Faciamos moitas funcións en Colexios Maiores, Universidades. Lembro *O principiño* que eu era o príncipe para o que tiven que corta-lo cabelo e tingui-lo de loiro; e tamén a representación escénica dos Poemas de Rafael Alberti.

A túa familia ¿cómo respondeu a idea de querer dedicarte ó teatro?

Mais ben mal. Preocupoullas porque a vida dos teatradeiros era moi dura. Eu tiña moita ilusión e plantei os estudos en sexto de bacharelato. O principio fixen un tan-teo profesional; pero Eduardo e mais eu planeamos vivir do teatro. Foi cando marchamos a Madrid, etapa difícil pero bonita. Valorabamos moito traballar naquilo que nos gustaba. Iso compensaba de tódalas carencias.

¿Foi unha etapa combativa?

Si. Lembrome dunha Asamblea do Teatro Independente moi dura, na que se pedían esencialmente dúas cousas: subvencións

¿Cómo foron os inicios?

No Instituto de Ferrol representando *Assúplicantes de Esquilo*. Tiña como compañeira a Elina Luaces e dirixía Eduardo Alonso. Logo no José fixen *Os vellos non deben namorarse* que moitos anos despois repetiu no Centro Dramático Galego aínda que fixen unha personaxe diferente. Eduardo e mais eu marchamos a Madrid

dignas para o teatro independente e Seguridade Social para os que traballabamos nel. Era o momento do accidente de Dorotea Bárcena que tamén estaba por Madrid co grupo "La Picota" con Xulio Lago.

¿Non sentías nostalgia de Galicia?

Moita. A morriña, unida o cansancio que me producía Madrid fixo que voltara. Atopéme cun panorama bastante desolador. Só dúas compañías Antroido e Troula. Fixen *Lenta raigame* de Francisco Taxes. Malia non haber moitas compañías si había moita mobilización cultural. As Asociacións facían moitas cousas, organizaban un feixe de actividades. O teatro tiña un papel preponderante. O emerxer da Autonomía reforzouse moito a cultura. Fíxate, iso é algo que bota de menos. Agora perdeuse moito daquela actividade, daquela illusión... Nos últimos anos lembro con especial agarimo tres obras: *O enfermo imaxinario*; *Medea* e *Os Xustos*.

Malia a experiencia ¿tes medo ó inicio dunha representación?

Si e moi forte. A primeira idea que me vén á cabeza é "non vou poder falar. Vou quedar sen voz". É unha sensación desagradable. Son uns primeiros minutos terribles. O público dá moito medo.

O teatro galego ¿ten algúna característica especial?

Eu falaria de grupos que en Galicia fan teatro cunhas características moi especiais, moi propias: Moucho Clerc, Dorotea Bárcena, Ollomol, Chévere, Xulio Lago... Nós, os teatradeiros galegos, nun principio tentamos recuperar o tempo perdido. Facer todo aquilo que non se fixera. Fumos do tenebroso á comedia e mesmo á liña musical.

¿Que opinas da obra de Camus *Os Xustos* e da suspensión da mesma?

O texto é magnífico. A traducción de Beiras espléndida. É unha obra moi actual. Fala da violencia ou non violencia na etapa

O teatro compensa de todas as carencias. Esta é unha etapa de deterioro.

prerrevolucionaria rusa. A miña personaxe, Dora, é o mobil moral da obra. É unha muller segura que endexaimais se ven abaixo áinda que ó final está moi doida. Sacrificase. Pídeelle a Boris, o xefe, que lle deixe botar unha bomba. "Non queremos mulleres na primeira liña" contéstalle; e Dora pregunta. ¿Son unha muller agora?

Só puidemos representa-la dous días. A Consellería de Educación prohibíunos a obra —que se estaba a representar no Instituto Xelmirez— por non permití-lo cobro das entradas; pois sería competencia desleal para os empresarios. E entón xorden dousas preguntas: ¿Hai empresarios teatrais no País? ¿Se é competencia desleal e non se poden representar nos Institutos, entón, en toda Galicia, xa case non volveremos ver teatro porque o facemos habitualmente nos centros de ensino, non si?

¿Cómo quedaron os ánimos?

Polo chán. Fixemos un traballo moi forte para a estrea. Preparamos exposición de fotos, vestuario, vídeos, músicos, bar, nun local do propio Instituto que o público recibiu moi ben, os dous únicos días que dura a representación. Quedamos todos tirados física e psíquicamente. Tiñamos preparados debates para despois da función sobre temas históricos e políticos con persoeiros do País e de fóra. Investimos varios millóns... Beiras e Nogueira fixeron interpelacións no Parlamento para que se levantara a suspensión...

O comento na rúa era que a suspensión se debeu a motivos políticos; que o Poder tivo "medo" de tanto debate para un público eminentemente novo. ¿Que cres tí?

É posible. A verdade é que a suspensión se produciu antes das eleccións.

¿Non é un luxo montar unha obra para 3, 5 ou 9 representacións?

Por suposto e iso non o pode soportar ningunha Compañía, ninguén. Pensa que alomenos tardas uns cinco meses en pre-



“Fallá unha política teatral clara e concreta. Preocupación polo teatro afeizado, que agora mesmo, non se ten en conta”.



¿Fixestes algunha proposta?

Si, a través da Asociación de Actores; pero ainda estamos a esperar –desde hai moi tempo– unha resposta da Consellería. Cando o PSOE estaba no Poder as cousas ían mellor, eran más tratables, ainda que non fixeron todo o que tiñan que facer. Na actualidade non son moi optimista porque o IGAEM, que debería establecer relacións con todo o teatro, ser un organismo que facilite o funcionamiento do ballet, Xoven Orquestra... non o fai. Avánzase moi pouco. Eu diría que damos dous pasos adiante e catro atrás... Esta é unha etapa de deterioro e non por culpa dos teatreiros. Hai unha falta de estructura total.

parar unha función. Poder en Galicia representar máis de vinte veces unha obra é case un milagre.

¿Qué falla no noso País?

Falla unha política teatral clara e concreta. Preocupación polo teatro afeizado, que agora mesmo, non se ten en conta. Ten que existir un Centro Institucional de teatro que debe funcionar ben, con coherencia, sen cambios constantes. Debería establecerse unha política clara para as compañías na produción, na distribución. Iso produciría perspectivas.

¿Cómo valoras o teu paso polo cine?

Parécelme un medio fantástico. Fixen *O bosque animado*, *Urxae* a serie *Celia* para TVE. O cine ten maxia, moita maxia. Repetiría. Coido que o actor, si puidera, debería traballar en tódolos campos. Enriquece moito. Non obstante o teatro fronte ó cine e a TV é como os alicerces para un edificio.

¿Arrepentisteis algunha vez de ter voltado a Galicia?

Non. Non é fácil, en ningunha parte. Hai más oferta que demanda. Desde logo se buscas a fama, proxección maior, teste que marchar. Depende dos obxectivos que te marques. Eu o que quero é traballar aquí. E non me vou mover. Traballo polo País. Eu aquí son motor dun proxecto, decidido sobre o que fago. Fóra só sería unha peza. Quédandomo creo que teño unha responsabilidade maior.

É un atranco para as mulleres actrices ter fillos, sobre todo cando estades de xira?

En certo modo si. Económicamente é difícil. Eu non deixo de ser unha privilexiada porque Eduardo é da profesión e axuda moito. Participa en todo. Tratamos de que a nena leve unha vida “normal”.

Volvendo ó teatro ¿qué opinas da contratación de directores de fóra?

Pode ser enriquecedora sempre que garanta que os actores imos aprender; pero atrévome a decir –ainda que me chamen resentida– que os de aquí deben dicir cousas e deben darlle unha oportunidade.

¿Gustaria che dirixir?

Nin estou preparada nin inspirada. Asumí la responsabilidade dun espectáculo non mo propuxen. Estou cómoda sendo dirixida por Eduardo e outros directores.

¿Axuda a TVG ó teatro?

Houbo unha despreocupación total. Agora están gravando algunha obra. A TV podería axudar moito a promociona-lo teatro.

¿Qué opinas da participación política da muller?

Ás mulleres non se lles ofrece estar en postos relevantes. A muller nunca debe renunciar á súa realización política e profesional. As cargas familiares deben repartirse entre os membros da familia. Un nivel cultural alto é índice de liberdade e tamén de maior participación das mulleres.

¿Cal é a túa opinión sobre a violación e os malos tratos?

A falta de respeito, a violencia, o atentar contra a persoa e contra a súa dignidade e a súa vida é inadmissible. É unha atrocidade. Produceme consternación, dolor, impotencia.

LUMA
GÓMEZ



“**A**s mulleres non se lles ofrece estar en postos relevantes. A muller nunca debe renunciar á súa realización política e profesional”.

LUMA
GÓMEZ



¿Cres que é difícil o entendemento, a amizade entre mulleres?

No teatro hai mulleres moi válidas, moi loitadoras. E mentira que sexamos insolidarias. Teño moi boas amigas no teatro. Traballamos tranquilas.

Galicia e o medio ambiente ¿Conxúganse ben?

Neste País estanse a facer as cousas moi mal neste sentido. Non debería haber más celulosas. O peor ven para aquí.

¿Qué opinas do tema dos caseiros históricos?

O desaloxo paréceme unha barbaridade. É moi forte. Peor que se estiveramos na Idade Media.

Terceiro Mundo e V Centenario.

Ímonos aburrir. A realidade latinoamericana non se pode xulgar desde a perspectiva de Europa. Cuba que está a sufrir un grande acoso e derrubamento pode padecer pobreza; pero no resto da Latinoamerican hai MISERIA.

Mulleres, servizo militar, obxección e insubmisión.

Digo, non, ó servizo militar para os homes e polo tanto NON tamén para as mulleres. Estou por un Exército profesional.

Aborto.

Estou a favor. Debe estar permitido en tódolos casos. Cada muller debe poder decidir por ela mesma.

Luma emociónase por moitas cousas; pero os problemas que máis a conmoven son as inxustizas que padecen os máis cativos. Sóbranlle motivos para "salir" á rúa a manifestarse. É unha muller cos pés na terra, concienciada; cun desexo profesional: establecer, con claridade, as relacións coas personaxes do xeito máis auténtico. Esta muller que admira a Nuria Espert - Marlon Brando confesase rebelde, humana, ambivalente, moi apaixonada, o que a fai deixarse levar polo impulso, máis do que quixera. Díse débil e insegura; pero cando toma unha decisión leva ata o final. É a nosa Medea. LUMA-MEDEA, sempre terá voz, unha voz que vai ser necesaria no noso teatro.▶